

## Quén son?

Follas teño  
e non son árbore  
lombo teño  
e non son cabalo

(O Libro)



BIBLIOTECA PROVINCIAL DA DEPUTACIÓN  
DA CORUÑA  
Rúa Riego de Agua, 37  
15001 A Coruña

Teléfono InfantilXuvenil : 981 080 171

Web: <http://www.dacoruna.gal/biblioteca>

Correo: [biblioteca.infantilxuvenil@dacoruna.gal](mailto:biblioteca.infantilxuvenil@dacoruna.gal)



Deputación  
DA CORUÑA

## BIBLIOTECA XUVENIL



## QUE CELEBRAMOS O 23 DE ABRIL?

Dende o ano 1996, o día 23 de abril celébrase **Día Internacional do Libro**. Este día foi elixido pola UNESCO co fin de render homenaxe ao libro e á contribución dos autores ao progreso e á cultura, así como para sustentar o respecto aos dereitos de autor e para fomentar a lectura.

Por que o 23 de abril? Esolleuse esta data porque o 23 de abril do ano 1616 morreron dous grandes xenios da literatura universal: o español Miguel de Cervantes Saavedra e o inglés William Shakespeare. Ese mesmo día morreu tamén o Inca Garcilaso de la Vega.

Estas non son as únicas circunstancias relacionadas co día 23 de abril. Ademais dos tres grandes autores mencionados, ese mesmo día, pero de 1825 faleceu o poeta alemán Friedrich Müller; no ano 1850, morreu o laureado poeta inglés William Wordsworth; en 1936, a escritora venezolana Teresa da Parra, e o 23 de abril de 1981 faleceu o prolífico escritor catalán Joseph Pla, entre outros.

O Día do Libro xa se celebraba en España o día 23 de abril desde o ano 1930. A data coincide coa entrega do premio máis importante aos autores hispanohablantes: o Premio Cervantes. A idea desta celebración partiu de Cataluña, onde este día é tradicional regalar unha rosa ao comprador dun libro.

En 1964 a celebración incluía os países de fala castelá e portuguesa, e en 1993 proclamouse o Día Europeo do Libro. Finalmente, a UNESCO fixou a data para a celebración do Día Internacional do Libro. Actualmente, a celebración leva a cabo en máis de cen países.

## LECTURAS RECOMENDADAS

- **Jack Mullet de los Siete Mares / Cristina Fernández Valls.** (Premio El Barco de Vapor 2022)
- **O Neno de lume / Ledicia Costas.** (Premio Merlin 2021)
- **A folla azul de Andrea Maceiras.** (Premio Merlin 2020)
- **Plan de rescate / Antía Yáñez.** (Premio Agustín Fernández Paz pola Igualdade 2019)
- **Jefferson de Jean-Claude Mourlevat.** (Premio Astrid Lindgren 2021)

### **9 A 11 AÑOS**

### **12 A 14 AÑOS**

- **Un Elefante na sala de estar / Berta Dávila.** (Premio Jules Verne de Literatura Xuvenil, 2021)
- **Taurus. Salvar la Tierra / Santiago Díaz.** (Premio Jaén de Narrativa Juvenil 2021)
- **El Mar detrás / Ginés Sánchez.** (Premio Gran Angular 2022)

- **Que me pare o corazón se te esquezo / Andrea Maceiras.** (Premio Raíña Lupa de Literatura Infantil e Xuvenil 2021)

- **Tim Te Maro y la magia de los corazones rotos / H. S. Valley.** (Premio Ampersand 2022)

- **Lore Olympus : cuentos del Olimpo / Rachel Smythe.** (Premio Eisner al mejor webcómic 2022)
- **Xoaniña de Deus / Alba Guzmán Falcón.** (I Premio Xuventude Crea de Novela Curta 2021)

### **15 A 18 AÑOS**